

## “O intercambio de ideas non fai mal a ningún, rexuenece e fortifica o espírito” (M.R.L.)

Como prólogo da 5ª edición do Certame Manuel Orestes Rodríguez López direi que me lembro da afirmación arriba reseñada polo escritor homenaxeado, frase que deixou en min unha forte pegada, xa que mostra a sensibilidade e fineza do COMUNICADOR que é Manuel. Digo é porque é **presente**, xa que a súa obra segue a espallarse día a día polo universo da galegidade sendo actual e válida no momento, superando a ola de mercantilismo, de insolidariedade e de perda de referentes que estamos a sufrir. É activo da galegidade dos homes de ben, segue a se-lo Poeta obreiro da nosa Cultura, vivo e laborioso.

Pero é tamén **futuro** xa que a través do seu premio literario convida á reflexión alentando co seu exemplo a espíritos adormecidos, dando oportunidades a aqueles que coma el se sintan comprometidos coas súas raíces e coa súa Terra Nai. Convidanos a participar do DIÁLOGO e da COMUNICACIÓN, coido que ata nos fixa un lugar de encontro, ano tras ano, neste Certame que con agrado e agarimo convoca o Concello de Paradela.

Chega con botar unha ollada a esta década, desde o seu pasamento en febreiro de 1990, para acreditar, cos acontecementos que tiveron lugar, que segue a ser especial Comunicador:

- No ano 1990: uns meses máis tarde do seu falecemento é nomeado “Lucense do Ano”, “Fillo Predilecto do Concello de Paradela” e adícaselle a Casa de Cultura de Paradela.
- No ano 1991: fáiselle unha merecida homenaxe en Páramo pola Asociación O Penedo. Aparece o seu testamento hológrafo que fai saber o desexo de ser soterrado en S. Miguel e transmite da seguinte maneira: “Con el rostro hacia Páramo, tierra de nacimiento de mi esposa y hacia Cataluña, lugar de mi residencia durante largos años”.
- No ano 1993: acórdase levar a cabo a creación do Panteón de Personaxes Ilustres do Concello de Paradela, coa idea de ofrecerlle á familia a posibilidade de que a Manuel se lle cumpla o seu desexo.
- No ano 1995: dase traslado dos restos mortais de Manuel ó cemiterio de S. Miguel de Paradela e acórdase polo Pleno da Corporación do Concello de Paradela instituí-lo Premio Literario que leva o seu nome, Certame que a partir dese momento se celebra anualmente, tendo en cada edición unha maior participación e incluso unha aceptación internacional. 17 autores viron premiados 19 traballos que foron publicados en cinco libros editados polo Concello de Paradela.

Recentemente, o día 18 de Novembro de 2000, preséntase en Barcelona, no centro social de **Saudade** un libro biográfico do Escritor, Poeta e exemplar Mestre, obra de D. Manuel Blanco Castro, outro bo e xeneroso, eu diría case alma xemelga do Poeta de Paradela, como cumio da testemuña precisa para traslado a futuras xeracións.

Seguindo nesta liña de louvanza e recoñecemento á comunicación escrita e á arte literaria, base da relación entre os homes e as culturas, este ano resultaron gañadores do certame:

Na modalidade de poesía: D. Baldomero Iglesias Dobarro, coa súa obra “Quixo o paxaro pousar na ponla o seu chíó”, e un accésit a D. Unai Gonzalez Suárez, pola obra “Tres poemas meus”. E na modalidade de narrativa: D. Jaime Naveira Pedreira, coa obra denominada “O Parvo”. A todos eles felicitámoslos moi sinceramente polo seu éxito.

Desde este Concello, cerna do Camiño de Santiago, vieiro Patrimonio da Humanidade, patena de ouro resplandecente das culturas europeas, e fonte inagotable de fe, esperanza e amor, segue a seiva do noso poeta relucindo na beira do Camiño, no horto de S. Miguel, para peregrinos extraviados nun mundo atolado.

Xosé M. Mato Díaz